

Colegio Oficial de
Psicología de Galicia

MEMORIA 2011






MEMORIA DE ACTIVIDADES 2011



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2011



Benqueridas compañeiras e compañeiros,

Xa pasou un ano máis e temos que facer Memoria das Actividades que durante o 2011 realizamos ao abeiro do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Pensamos que sobre a memoria aséntase o presente e constrúese o futuro das persoas e dos pobos, por iso este ano foi para o COPG o ano POLA MEMORIA. En palabras da nosa compañeira Concha Rousía: ***“esa tecedeira urdindo o futuro no tear do presente com fios do pasado”***.

Foi un ano no que a crise socioeconómica e política avanzou e socavou os recursos públicos e o benestar das persoas. Aínda con sentimentos de indefensión e indignación sobranceando sobre o noso horizonte, o COPG tentou manter con normalidade a actividade colexial e incrementar a participación de colexiados e colexiadas nas distintas actividades colexiais.

Durante 2011, producíronse 201 altas e 118 baixas, o que supón un incremento neto de 83 profesionais. A finais de decembro de 2011 eramos un total de 2.333 colexiadas e colexiados.

De acordo cos procesos democráticos e participativos que caracterizan a este Colexio Profesional, no pasado ano elixiuse nova Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, renováronse membros da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Educativa e mudouse a coordinación da Comisión Intersectorial de Xénero.

Asemade, as Seccións de Psicoloxía Clínica, de Psicoloxía Educativa, de Psicología da Intervención Social, de Psicología do Traballo e das Organizacións e de Psicología Xurídica, Comisións e Grupos de Traballo mantiveron unha intensa actividade realizando as asembleas anuais, as xuntanzas ordinarias de coordinación, organizando xornadas, seminarios e cursos de formación que, ademais de foros para a participación e intercambio, permiten a mellora continua da formación das e dos profesionais.

Mención especial merece neste apartado, a Comisión de Ética e Deontoloxía, xa que durante o pasado ano tivo unha intensa actividade e como novidade iniciou un servizo de consultas a través da web do COPG, ademais da realización de dous cursos de formación e constituírse como Comisión Electoral durante as eleccións á Xunta Directiva da Sección de Psicología da Intervención Social.

Renováronse coa Xunta de Galicia, un ano máis, os convenios en materia de violencia de xénero, para a intervención en catástrofes e emerxencias e para a mediación intraxudicial en Santiago e Ourense.

MEMORIA

Iniciouse unha nova colaboración co Servizo de Xestión de Penas e Medidas Alternativas do Centro de Inserción Social *Carmela Arias y Díaz de Rábago* da Coruña, dependente da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias do Ministerio do Interior para poñer en marcha un “Proxecto Piloto de intervención con homes que exercen violencia de xénero”. O Proxecto desenvolveuse ao longo de seis meses con senllos grupos de intervención nas cidades da Coruña e Santiago de Compostela.

Reeditouse a colaboración coa Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias do Ministerio do Interior para desenvolver as Xornadas de Concienciación sobre Seguridade Viaria. Realizáronse neste ano dez intervencións con outros tantos grupos de persoas penadas por delitos relacionados coa Seguridade Viaria.

Igualmente, mantivéronse os Convenios de colaboración coa USC, coa Fundación Educación, Deporte y Salud (FEDYS) e coa Fundación Meniños.

En maio, celebramos o acto ACHEGAS DA PSICOLOXÍA 2011, na cidade da Coruña. Durante o acto entregamos o Premio Dolores Llópiz Psicoloxía e Sociedade á ASOCIACIÓN PARA A RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA, á que lle agradecemos que buscara a colaboración da Psicoloxía na importante tarefa de recuperar a memoria e a dignidade das vítimas do franquismo.

Durante o pasado ano, foron enviadas arredor dunha trintena de comunicados e manifestos, así como varios artigos de opinión nos que clarificábamós a posición do COPG arredor de temas de interese profesional, sociopolítico, económico ou cultural. Asemade, os propios medios de comunicación requiren cada vez máis a opinión e valoración do COPG e dos e das profesionais en diversos temas de interese social.

En representación do COPG participouse en diferentes actos e actividades entre as que podemos destacar a participación en Umea (Suecia) no III Seminario Internacional do Proxecto WEED, baixo a temática “Mulleres no coñecemento” para presentar a experiencia “*Perspectiva de xénero nun Colexio Profesional. Experiencia de boas prácticas no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia*”. O COPG tamén foi convidado a participar na Comisión non permanente do Parlamento de Galicia para a elaboración dun plan de dinamización demográfica de Galicia.

Foi tamén un ano importante para estreitar e intensificar a participación na Unión Profesional de Galicia, tratando diferentes temas que afectan á

situación das organizacións profesionais logo da entrada en vigor da Lei Ómnibus. Igualmente se colaborou na edición da Guía de Peritos Xudiciais 2011, editada por esta entidade.

Intensa foi tamén a participación no Consejo General de COP, nas Xuntas de Goberno e Xuntas Xerais, e nas diferentes areas e grupos de traballo, particularmente nos procesos de creación das novas Divisións, como a de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións e os Recursos Humanos e a de Psicoloxía da Actividade Física e do Deporte.

Coma sempre, a memoria pode ser incompleta e seguro que quedan temas importantes sen mencionar nesta introdución. Lembrede que o noso Colexio constrúese cada día coas achegas e a participación de todas as colexiadas e colexiados. Hoxe máis ca nunca, faise necesario manter o compromiso coa nosa profesión, e co seu obxectivo último de contribuír a que as persoas e comunidades vivamos nun mundo mellor, máis xusto e igualitario.

ÍNDICE

1. Estado da colexiación	8
2. Órganos de xestión	9
Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas	9
Xunta de Goberno	10
3. Comisión Ética e Deontoloxía	11
4. Valedor das Colexiadas e Colexiados	14
5. Seccións	15
Sección de Psicoloxía Clínica	15
Sección de Psicoloxía Educativa	18
Sección de Psicoloxía Xurídica	19
Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións	22
Sección de Psicoloxía da Intervención Social	25
6. Comisións	28
Comisión Intersectorial de Mediación	28
Comisión Intersectorial de Xénero	29
Comisión de Psicoloxía do Deporte	31
Comisión de Cultura	32
7. Grupos de Traballo	33
GIPCE. Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias	33
Grupo de Tráfico e Seguridade	36
8. Convenios de Colaboración	38
Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero	38
Programa “Abramos o Círculo”	39
Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias	40
Mediación Intraxudicial	41
“Xornadas de Concienciación” de Seguridade Viaria	42
Intervención con Homes que Exercent Violencia de Xénero	43
Fundación Educación, Deporte y Salud (FEDYS)	43
Universidade de Santiago de Compostela	44
Fundación Meniños	44
9. Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense	45
10. Beca Siota de Investigación en Psicoloxía	46
11. Eventos colexiais	47
12. Representación Colexial nos Consellos da Administración	48
13. En representación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia	49
14. Relacións e Colaboracións Institucionais	51
15. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos	57
16. Publicacións	60
17. Medios de Comunicación	62
18. Servizos Colexiais	67
19. Balances Económicos	70

ESTADO DA COLEXIACIÓN

1. A 31/12/2011

Altas	201
Última promoción	72
Outras promocións	114
Reincorporacións	6
Traslados	8
Xubilación	1

Baixas	118
Voluntarias	78
Por falta de pagamento de cotas	33
Traslados	6
Xubilación	1

Colexiados e colexiadas inscritos nas Seccións Profesionais do COPG

Sección de Psicoloxía Clínica	255
Sección de Psicoloxía Educativa	85
Sección de Psicoloxía da Intervención Social	70
Sección de Psicoloxía Xurídica	119
Sección de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións	81

Total de colexiados e colexiadas
a 31-12-2011

2.333

2. ÓRGANOS DE XESTIÓN

2.1. ASEMBLEA XERAL DE COLEXIADAS E COLEXIADOS

A Asemblea Xeral de Colexiadas e Colexiados é o órgano supremo de decisión do Colexio, e está constituída por todos os colexiados e colexiadas.

Celebráronse as seguintes sesións:

- 5 de abril. Sesión Ordinaria.
- 13 de decembro. Sesión Ordinaria.



5 de abril. Sesión Ordinaria



13 de decembro. Sesión Ordinaria

2.2. XUNTA DE GOBERNO

A Xunta de Goberno é o órgano executivo e de representación do Colexio.



Celebráronse un total de 7 reunións da Xunta de Goberno para a dirección e xestión da actividade colexial.

COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO

M^a Rosa Álvarez Prada
Decana

Hipólito Puente Carracedo
Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación
Responsable da Páxina Web

Concepción Fernández Fernández
Secretaria / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero
(Ata o 6 de maio)

M^a Concepción Prado Álvarez
Vicesecretaria / Responsable de Emprego / Responsable da Biblioteca

Miguel Ángel Chouza Ponte
Tesoureiro / Responsable de Servizos

José Luís Domínguez Rey
Vogal / Responsable da Circular Informativa
Correspondente de Infocop

Ana M^a Fieira Nogareda
Vogal / Vogalía do Social

Antonio González Fernández
Vogal / Coordinador da Xunta de Goberno coa Comisión de Ética e Deontoloxía

Ana Isabel Martínez Arranz
Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)

Eva Muíño Gómez
Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade

José Manuel Oreiro Blanco
Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía

Concepción Rodríguez Pérez
Vogal / Vogalía de Dinámica Sociocultural
Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero (A partires do 6 de maio)

Víctor Manuel Torrado Oubiña
Vogal / Vogalía de Formación

3.

COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

A Comisión Ética e Deontoloxía está formada por un Presidente, unha Secretaria e tres vogais, coas atribucións propias dos seus cargos, e que son nomeados pola Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do COPG a proposta da Xunta de Goberno.

Son fins desta Comisión, entre outros, promover comportamentos éticos no exercicio da profesión e desenvolver o Código Deontolóxico.

Para desenvolver tales funcións, a Comisión de Ética e Deontoloxía dispón de total independencia, facultades e competencias plenas no desenvolvemento das súas funcións.

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 24 de xaneiro
- 26 de febreiro
- 4 de abril
- 26 de abril
- 23 de maio
- 27 de xuño
- 22 de agosto
- 22 de setembro
- 24 de outubro
- 10 de decembro

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

José Luis Rodríguez-Arias Palomo
Presidente

M^a Ángeles Castro Díaz
Secretaria (Ata o 13 de decembro)

Ana M^a Díaz Vargas
Secretaria (A partires do 13 de decembro)

M^a Jesús Calvo Camba
(A partires do 13 de decembro)

Ana M^a Díaz Vargas
(Ata o 13 de decembro)

Rocío García Calvo
Concepción González Poza
Vogais

Antonio González Fernández
Coordinación coa Xunta de Goberno

ACTIVIDADES

a) Queixas:

Abríronse dezasete expedientes durante 2011 e a súa situación é a que segue:

- 7 expedientes son admitidos a trámite e resoltos.
- 4 expedientes non se admiten a trámite.
- 3 expedientes tense por desistida á parte demandante.
- 3 expedientes pendentes de valoración.

b) Servizo de consultas:

- Existe na páxina web do COPG un servizo de consultas ao que poden dirixirse os colexiados e colexiadas para plantexar dúbidas sobre cuestións de ética e deontoloxía no exercicio da profesión. Preténdese ofrecer unha orientación que sirva para previr posteriores queixas por parte de usuarias e usuarios, ofrecendo unha valoración e fundamentación ética das diferentes alternativas posibles. Esta resposta non é vinculante para as colexiadas e colexiados que consultan, senón que se trata dunha opinión razoada na que fundamentar as súas propias decisións. Durante este ano respondéronse un total de 16 consultas.

c) Comisión Electoral:

A Comisión de Ética e Deontoloxía constituíse o 1 de xullo como Comisión Electoral no proceso electoral á Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, conformada polo seguintes membros:

José Luis Rodríguez-Arias Palomo,
Presidente

M^a Ángeles Castro Díaz,
Secretaría

Concepción González Poza,
Vogal

d) Colaboración na Circular Informativa do COPG:

Iniciouse en 2011 a colaboración da Comisión de Ética e Deontoloxía na Circular Informativa. Os temas tratados foron:

- Reflexión sobre boas prácticas.
- Explicación do Procedemento de Queixa.
- A imparcialidade nos informes periciais.
- O dereito á información dos pais.
- Confidencialidade.
- Custodia dos historiais clínicos na práctica privada.

e) Actividades de formación:

Impartiuse a conferencia de clausura “Deontoloxía. Implicacións prácticas” nas XVI Xornadas de Psicoloxía Clínica do COPG.

Impartiuse o relatorio “Conflitos Éticos nos Informes Psicolóxicos Periciais” no curso de formación interna da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG “Actualización nos informes periciais de familia. Descrición do momento actual e retos de cara ao futuro”.

f) Posta en marcha do Portelo Único:

En 2011 a actividade da Comisión comezou a desenvolverse a través do Portelo Único, plataforma integrada na páxina web do COPG.

g) Propostas á Xunta de Goberno do COPG

- Modificacións no Regulamento do Procedemento de Queixa do COPG.
- Regulación da custodia dos expedientes.
- Creación dun grupo de colaboradores coa Comisión.
- Proposta de estudio dun posible caso de intrusismo profesional.

h) Asesoramento ás Seccións, Comisións e Grupos de Traballo do COPG.

Comisión de Ética e Deontoloxía

4.

VALEDOR DAS COLEXIADAS E COLEXIADOS



José Manuel Pazos Riveiro
Valedor das Colexiadas e Colexiados

A figura do Valedor das Colexiadas e dos Colexiados ven especificada nos Estatutos do Colexio de Psicoloxía de Galicia, concretamente no capítulo XI, como un defensor dos dereitos e intereses de todos os colexiados e colexiadas perante os demais órganos colexiais exceptuando a Comisión de Ética e Deontoloxía.

Valedor das Colexiadas e Colexiados:

José Manuel Pazos Riveiro

- Ao longo do presente ano non foi reclamada a actuación do Valedor en ningunha causa ou circunstancia das que prescribe o Regulamento que ordena as competencias desta instancia.

5. SECCIÓNS

Para o mellor cumprimento dos fins colexiais nos distintos ámbitos de intervención psicolóxica, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia dispón de 5 Seccións Profesionais que agrupan a todos aqueles colexiados e colexiadas que conforman un ámbito disciplinario de especialidade profesional cunha identidade definida e recoñecida.

5.1. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA CLÍNICA

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 25 de xaneiro
- 1 de marzo
- 12 de abril
- 24 de maio
- 21 de xuño
- 13 setembro
- 11 de outubro
- 8 de novembro
- 18 de novembro
(Asemblea de Socas e Socos)
- 14 de decembro

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Xavier Sardiña Agra

Presidente

Delia Guitián Rodríguez

Vicepresidenta

Rosa Cerqueiro Landín

Secretaria

Manuel Castro Bouzas

Tesoureiro

Carlos Álvarez García

Ignacio Dopico González

Mercedes Fernández Cabana

Javier González Hermida

Áurea Losada Quinteiros

Vogais



Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Clínica

ACTIVIDADES

a) Cursos de formación:

- *Formación en Neuropsicología: Demencias (1ª edición)*
Datas: 4 e 5 de febreiro
Lugar: Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela (CHUS)
Docente: **María Mataró i Serrat**. Doutora en Psicología. Universidade de Barcelona.
- *Curso de Actualización en Rehabilitación Neuropsicológica*
En colaboración coa Asociación Galega de Saúde Mental
Datas: 25 e 26 de marzo
Lugar: Salón de Actos da Fundación Caixa Galicia. Santiago de Compostela.
- *Curso Teórico-Práctico de Avaliación da Personalidade a Tráves do MMPI-2*
Datas: 20 e 21 de maio
Lugar: Salón de Actos do COPG
Docente: **Mª José Veiga Candán**. Psicóloga do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI).
- *Formación en Neuropsicología: Demencias (2ª edición)*
Datas: 9 e 10 de setembro
Lugar: Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela (CHUS)
Docente: **María Mataró i Serrat**. Doutora en Psicología. Universidade de Barcelona.

b) Xornadas da Sección:

- XVI Xornadas da Sección de Psicología Clínica
“A Práctica Clínica”
Datas: 18 e 19 de novembro
Lugar: Auditorio Municipal de Cangas do Morrazo (Pontevedra).

Comité Organizador:

Dolores González Cabaleiro, Presidenta
Estrela Gómez González, Vogal

Comité Científico:

Maximino Portela Freire, Presidente
Irene Esperón Rodríguez, Vogal



Curso de Formación en Neuropsicología: Demencias (1ª edición)



c) Anuario de Psicología Clínica:

Consello de Redacción composto por:

Gonzalo Martínez Sande

Director

Rosa Cerqueiro Landín

Marisol Filgueira Bouza

Delia Guitián Rodríguez

Manuel Santiago Lopo Lago

José Antonio Muñiz Torrado

Rosa Rey Pousada

José Luis Rodríguez-Arias Palomo

d) Grupos de Traballo:

- **Grupo de Traballo dos titores dos psicólogos internos residentes (PIR):**
Composición: Santiago Lago Canzobre (Coordinador) / Mercedes Castro Bal / Miguel Anxo García Álvarez / M^a del Carmen Martínez Sánchez / Gonzalo Martínez Sande / Julia Amalia Rodríguez Suárez.
 - **Grupo de Traballo de Investigación en Psicoterapias:**
Composición: Marisol Filgueira Bouza (coordinadora) / José Eduardo Rodríguez Otero (metodoloxía) / Fe Lacruz Pardo (psicanálise) / Rosa Rey Pousada (psicodrama) / M^a Jesús Álvarez Sos (cognitivo-conductual) / José Luis Rodríguez-Arias Palomo (sistémica).
 - **Grupo de Traballo de Neuropsicoloxía:**
Composición: José Javier González Hermida (Coordinador) / Irene Martínez Montero / Rocío García Calvo / Xavier Sardiña Agra.
- e) Asistencia ás reunións da Mesa Galega da Psicología Clínica.
- f) **Participación nas Comisións Intersectoriais do COPG**
de Mediación e Xénero.



Curso de Actualización en Rehabilitación Neuropsicolóxica



Curso Teórico-Práctico de Avaliación da Personalidade



Curso de Formación en Neuropsicoloxía: Demencias (2ª edición)



XVI Xornadas da Sección de Psicología Clínica "A Práctica Clínica"

5.2. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 17 de xaneiro
- 21 de febreiro
- 4 de abril
- 30 de maio
- 10 de xuño
- 29 de outubro
- 30 de novembro
(Asemblea de Socios e Socias)

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Olegaria Mosqueda Bueno

Presidenta

Manuela del Palacio García

Vicepresidenta

M^a Asunción Teijeira Bautista

Secretaría

José Carlos Cardama Barrientos (Ata o 30 de novembro)

M^a Belén Álvarez Sande (A partires do 30 de novembro)

Tesoureiro

M^a Carmen Lorenzo Vila

Ana Ulloa Lage

Alejandro Luis Vaggetti Jou

Vogais



Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Educativa

ACTIVIDADES

a) Cursos:

- *Nova Tecnoloxía na Avaliación da Personalidade: O DP-TC. Aplicación Práctica (2ª Parte)*

En colaboración co Grupo de Tráfico e Seguridade e coas Seccións de Psicoloxía Xurídica, Psicoloxía da Intervención Social e Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG.

Data: 1 e 2 de abril

Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

Docentes: **José M^a Tous Ral**. Catedrático de Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicológico. Universitat de Barcelona / **Rubén Muíños Martínez**. Doutor en Psicoloxía. Universitat de Barcelona.

b) Xornadas:

- *Habilidades Sociais para Mellorar a Convivencia*

Relatores: **José Manuel Fariñas Darriba**. Psicólogo. Técnico de Prevención en Drogodependencias do Carballiño (Ourense) / **José Melero Martín**. Psicólogo e Pedagogo. Experto en conflictividade escolar e resolución de conflitos. Málaga / **Bibiana Camaño Rodal**. Psicóloga. Membro da Asociación Chisem de Santiago de Compostela.

Datas: 28 e 29 de outubro.

Lugar: Salón de Actos do COPG.

- c) **Participación nas Comisións Intersectoriais do COPG** de Mediación e Xénero.



Xornadas de *Habilidades Sociais para Mellorar a Convivencia*

5. 3. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 12 de febreiro
- 12 de marzo (Asemblea de Socios e Socias)
- 20 de maio
- 25 de xuño
- 30 de setembro
- 5 de novembro
- 10 de decembro

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Carmen Morell Muñoz
Presidenta

Ana Suárez Martínez
Vicepresidenta

Rubén Villar Trencó
Secretario

Ana Izquierdo Galante
Tesoureira

Clara Isabel Fernández Rodicio

M^a Isabel Rodríguez Prego

Julita M^a Touriño Araújo

Juan Carlos Forneiro Casas

José Antonio Varela Alonso
Vogais



Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Xurídica

ACTIVIDADES

a) Cursos de formación:

- *Presentación e Desenrolo Didáctico e Pedagógico da Lei 30/92, de 26 de Novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, Modificada Pola Lei 4/1999, de 13 de Xaneiro*
Curso de formación interna para socias e socios da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG.

Data: 15 de xaneiro

Lugar: Salón de Actos do COPG

Docente: **Ana Luísa Udías Vázquez**. Psicóloga. Doutora en Psicoloxía. Máster en Psicoloxía Xurídica, Especialista en Psicoloxía Clínica (PLR), Profesora Titular do Centro Asociado UNED en Ourense, empregada pública na Xunta de Galicia.

- *Valoración Clínico-Legal do Maltrato Infantil e Xuvenil. Protocolo de Actuación Xudicial*

Curso de formación interna para socias e socios da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG.

Data: 12 de marzo

Lugar: Salón de Actos do COPG

Docente: **Carlos Evaristo Domínguez Robledo**. Psicólogo clínico. Doutor en Psicoloxía. Forense. Psicanalista. Terapeuta familiar e docente pola Federación Española de Asociacións de Terapia Familiar.



Curso de formación:
*Presentación e Desenrolo
Didáctico e Pedagógico da Lei
30/92*



Curso de formación: *Valoración
Clínico-Legal do Maltrato Infantil
e Xuvenil*

1



2



3



1. Curso de formación: *O Papel do Psicólogo e da Psicóloga nos Procesos de Familia*

2. Curso de formación: *Actualización nos Informes Periciais de Familia*

3. Curso de formación: *Neuropsicología Forense (Ampliado)*

■ *Nova Tecnoloxía na Avaliación da Personalidade: O DP-TC. Aplicación Práctica (2ª Parte)*

En colaboración co Grupo de Tráfico e Seguridade e coas Seccións de Psicología Educativa, Psicología da Intervención Social e Psicología do Traballo e das Organizacións do COPG.

Data: 1 e 2 de abril

Lugar: Facultade de Psicología da Universidade de Santiago de Compostela

Docentes: **José M^a Tous Ral**. Catedrático de Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicológico. Universitat de Barcelona / **Rubén Muíños Martínez**. Doutor en Psicología. Universitat de Barcelona.

■ *O Papel do Psicólogo e da Psicóloga nos Procesos de Familia. Informes Periciais Psicológicos*

Curso de formación interna para socias e socios da Sección de Psicología Xurídica do COPG.

Data: 29 de abril

Lugar: Salón de Actos do COPG

Docente: **Julita M^a Touriño Araújo**. Psicóloga. Máster en Psicología Xurídica. Posgrao Universitario en Neuropsicología. Diplomada en Maxisterio.

■ *Informes Periciais en Violencia de Xénero*

Curso de formación interna para socias e socios da Sección de Psicología Xurídica do COPG.

Data: 2 de setembro

Lugar: Salón de Actos do COPG

Docente: **Juan Carlos Prados Moreno**. Psicólogo, Máster “Axente de igualdade de oportunidades: Xénero e educación social”. Psicólogo do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero do COPG.

■ *Actualización nos Informes Periciais de Familia.*

Descrición do Momento Actual e Retos cara o Futuro

Curso de formación interna para socias e socios da Sección de Psicología Xurídica do COPG e membros do listado de Periciais do COPG.

Data: 16 de setembro

Lugar: Salón de Actos do COPG

Docentes: **M^a Ángeles Catalina Benavente**. Profesora da Universidade de Santiago de Compostela. Doutora en Dereito pola Universidad Carlos III de Madrid. Profesora na Universidad Carlos III / **M^a Pilar Fernández Pérez**. Fiscal. Fiscalía da Área de Santiago de Compostela / **José Luis Rodríguez-Arias Palomo**. Psicólogo clínico. Terapeuta familiar e Docente. Presidente da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG / **Juan Antonio Martín Bobillo**. Psicólogo. IMELGA da Coruña.

■ *Neuropsicología Forense (Ampliado)*

Data: 11 e 12 de novembro

Lugar: Salón de Actos do COPG

Docente: **Sara Fernández Guinea**. Profesora titular da Facultade de Psicología da Universidad Complutense de Madrid.



Xornadas da Sección de *Predición do Risco: Aspectos Psicosociais*

b) Xornadas da Sección:

■ *Predición do Risco: Aspectos Psicosociais*

Datas: 3 de decembro

Lugar: Salón de Actos do COPG

Coordinador: Rubén Villar Trenco.

c) Conferencia:

■ *Menores e Violencia de Xénero, Perspectiva Xurídica*

Relatora: Pilar Fernández Pérez. Fiscal. Fiscalía da Área de Santiago de Compostela.

Datas: 12 de marzo

Lugar: Salón de Actos do COPG.

d) Grupo de Traballo para a elaboración dunha Guía de Boas Prácticas

Coordinadora: Julita M^a Touriño Araújo

Colaboradoras: Ana Luisa Udías e Carmen Morell Muñoz.

e) Participación na Comisión de Periciais do COPG.

f) Participación nas Comisión Intersectoriais do COPG de Mediación e Xénero.



Conferencia: *Menores e Violencia de Xénero, Perspectiva Xurídica*

5.4. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 18 de xaneiro
- 15 de marzo
- 10 de maio
- 4 de outubro
- 18 de outubro
- 23 de novembro



Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

José Luis Domínguez Rey
 Coordinador
José Manuel Campal Fernández
Mónica Couso Fuentes
Ana M^a Fieira Nogareda
Concepción López Martín
Eva Muíño Gómez
Carlos Montes Piñeiro
M^a Concepción Prado Álvarez
 Vogais

ACTIVIDADES

a) Cursos:

- *Nova Tecnoloxía na Avaliación da Personalidade: O DP-TC. Aplicación Práctica (2ª Parte)*

En colaboración co Grupo de Tráfico e Seguridade e coas Seccións de Psicoloxía Educativa, Psicoloxía da Intervención Social e Psicoloxía Xurídica do COPG.

Data: 1 e 2 de abril

Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

Docentes: **José M^a Tous Ral**. Catedrático de Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicológico. Universitat de Barcelona / **Rubén Muíños Martínez**. Doutor en Psicoloxía. Universitat de Barcelona.

b) Foro:

- *Recursos Humanos e Resultados*

Data: 12 de febreiro

Lugar: Salón de Actos do COPG

Coordinador: **José Luis Domínguez Rey**

Relatorio: *Do talento individual á intelixencia grupal*

Relator: **Julio Iglesias Rodríguez**. Responsable do Centro de Formación de PSA PEUGEOT - CITROËN.



Foro: *Recursos Humanos e Resultados*

c) Sesións de traballo:■ *Coaching e Recursos Humanos*

En colaboración coa Escola Galega de Coaching

Data: 9 de abril

Lugar: Salón de Actos do COPG

Coordinador: **José Luis Domínguez Rey**

Relatorio: *O Coaching e a súa Evolución Histórica como Proceso*

Relator: **Pablo Rodríguez González**. Director de Proxectos da Escola Galega de Coaching.

■ *Riscos Laborais Emerxentes: Respostas desde a Psicoloxía*

Data: 22 de outubro

Lugar: Salón de Actos do COPG

Coordinador: **Carlos Montes Piñeiro**

Relatorio: *Riscos psicosociais como os males do século XXI.*

Relator: **Carlos Montes Piñeiro**. Profesor de Avaliación de Riscos Psicosociais e Saúde Ocupacional. Escola Universitaria de Relacións Laborais. Lugo (USC).

■ *Bases para a Creación dun Grupo de Traballo sobre Saúde Ocupacional*

Data: 22 de outubro

Lugar: Salón de Actos do COPG

Coordinador: **Carlos Montes Piñeiro**.

d) Sesións informativas■ *Psicoloxía de Traballo. Consolidando Novos Roles*

Destinadas a estudantes de 5º curso da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

Coordinador: **José Luis Domínguez Rey**.



Sesión de traballo de *Coaching e Recursos Humanos*



Sesión de traballo de *Riscos Laborais Emerxentes: Respostas desde a Psicoloxía*



Sesión de traballo: *Bases para a Creación dun Grupo de Traballo sobre Saúde Ocupacional*



Sesión informativa: *O Espazo Profesional do/a Psicólogo/a no Ámbito da Consultoría*

- *O Espazo Profesional do/a Psicólogo/a no Ámbito da Consultoría. A Sociedade de Información e Coñecemento*

Data: 15 de novembro

Relator: **Julio González Morandeira**. Director Xeral de Emera Consultoría e Tecnoloxía.

- *Xestionando Recursos Humanos. Achégate ás Mellores Empresas e Cambia o teu Futuro*

Data: 22 de novembro

Relator: **Santiago Medín Díaz**. Xerente Consultoría de Recursos Humanos Ray Human Capital

- e) **Colaboración** co Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG na organización das II Xornadas Galegas de Psicoloxía do Tráfico e Seguridade. “As Persoas, Factor Decisivo”.

Data: 26 de novembro

Lugar: Escola Galega de Administracións Públicas en Santiago de Compostela.



Sesión informativa: *Xestionando Recursos Humanos*

f) **Arquivo de publicacións da Sección**

- “Capital Humano”
- “Training&Development Digest”
- “Harvard Deusto Business Review”
- “Psicoloxía do Traballo e das Organizacións”
- “Socioloxía do Traballo”
- “Dirección e Organización”.

- g) **Participación nas Comisións Intersectoriais do COPG** de Mediación e Xénero.

5.5. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 29 de xaneiro
- 21 de maio
- 1 de outubro
(Asemblea de Socios e Socias)
- 19 de novembro

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Ata o 19 de novembro

M^a Jesús López Cernadas
Presidenta

David Facal Mayo
Vicepresidente

M^a José Fares Varela
Secretaria

Elena Seoane de la Fuente
Tesoureira

Encarnación Álvarez Gallego
Leonor Galiana Caballero
Ignacio Vázquez Rodríguez
Isabel González-Abraldes Iglesias
Elena Bastos Expósito
Vogais

A partires do 19 de novembro

M^a Jesús López Cernadas
Presidenta

David Facal Mayo
Vicepresidente

M^a José Fares Varela
Secretaria

M^a Leonor Galiana Caballero
Tesoureira

Elena Bastos Expósito
Cristina Fontaíña García
Isabel González-Abraldes Iglesias
Elena Seoane de la Fuente
Isabel Varela Castiñeira
Vogais



Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social,
a partires do 19 de novembro

ACTIVIDADES

a) Cursos:

■ *Nova Tecnoloxía na Avaliación da Personalidade: O DP-TC. Aplicación Práctica (2ª Parte)*

En colaboración co Grupo de Tráfico e Seguridade e coas Seccións de Psicoloxía Educativa, Psicoloxía Xurídica e Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG.

Data: 1 e 2 de abril

Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

Ponentes: **José M^a Tous Ral**, Catedrático de Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicológico. Universitat de Barcelona / **Rubén Muíños Martínez**, Doutor en Psicoloxía. Universitat de Barcelona.

b) Xornadas:

■ *II Xornada de Intervención Social e Terceiro Sector*

Data: 17 de xuño

Lugar: Salón de Actos do COPG

Relatores: David Facal Mayo. Vicepresidente da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG.

M^a Isabel Pérez Martínez, Directora de Proxectos Sociais. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña / **Marisa Visitación López Casero**, Coordinadora provincial da Cruz Vermella de Ourense / **Carmen Guillín Gendre**, Presidenta da Asociación de Parkinson Compostela.



II Xornada de Intervención Social e Terceiro Sector



Seminario Galego de Intervención Social

c) Seminarios:

■ *Seminario Galego de Intervención Social*

Data: 1 de outubro

Lugar: Salón de Actos do COPG

Coordinadora: M^a Jesús López Cernadas

Relatores: **Unai Díaz Rueta**. Psicólogo. Investigador da Fundación Insituto Gerontológico Matia-INGEMA.

Pilar Martínez de Benavides. Psicóloga. Coordinadora na Fundación Lesmes. Burgos.

Javier Martín Hernández. Psicólogo. Técnico do Servizo de Familia e Menores. Vigo.

d) Grupos de Traballo:

■ Grupo de Traballo sobre Profesionais da Psicoloxía nos Servizos Sociais dos Concellos

Creado para investigar e actualizar o coñecemento sobre a profesión neste eido e impulsar un traballo en rede dos e das profesionais da Psicoloxía nos concellos así como intentar unificar criterios de actuación.

Composto por:

M^a Elena Bastos Expósito

Cristina Fontaíña García

e) **Colaboración coa** Universidade de Santiago de Compostela na elaboración e proposta de contidos para un futuro Máster da área de intervención social coa difusión entre os socios e socias da Sección dun cuestionario.

f) **Participación nas Comisións Intersectoriais do COPG** de Xénero e Mediación.

6. COMISIÓNS

6.1. COMISIÓN INTERSECTORIAL DE MEDIACIÓN



Comisión Intersectorial de Mediación

A Comisión Intersectorial de Mediación está formada por un representante de cada unha das seccións nomeado por cada unha destas.

A Comisión ten como obxectivo xeral dar a coñecer e impulsar a aplicación da mediación tanto entre as colexiadas e colexiados coma nas institucións e na sociedade en xeral.

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

Hipólito Puente Carracedo

Coordinador

Áurea Losada Quintairos

Clínica

Ana M^a Ulloa Lage

Educativa

M^a Elena Bastos Expósito

Intervención Social

Carlos Montes Piñeiro

Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

M^a Isabel Rodríguez Prego

Xurídica

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 1 de febreiro
- 15 de marzo
- 14 de xuño
- 27 de setembro

CONVIDADOS

Juan Manuel Daponte Codina

Psicólogo do Equipo de Mediación Intraxudicial de Santiago de Compostela

José Antonio Varela Alonso

Psicólogo do Equipo de Mediación Intraxudicial de Ourense

ACTIVIDADES

- a) Puntos en común das Seccións no ámbito da mediación.
- b) Propostas de contidos para incluír no documento marco de mediación.
- c) Resume das actuacións e incidencias dos Equipos de Mediación Intraxudicial de Galicia.

6.2. COMISIÓN INTERSECTORIAL DE XÉNERO

Está composta por un representante de cada unha das seccións nomeado por cada unha destas xunto coa coordinadora da Comisión dos Centros de Información á Muller (CIM) e os coordinadores dos Programas de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero e “Abramos o Círculo”.



Comisión Intersectorial de Xénero

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

Concha Fernández Fernández (Ata o 6 de maio)
Coordinadora

Concha Rodríguez Pérez (A partires do 6 de maio)
Coordinadora

Rosa Cerqueiro Landín
Clínica

Alejandro Luis Vaghetti Jou
Educativa

M^a José Fares Varela
Intervención Social

Concepción López Martín
Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

Carmen Morell Muñoz
Xurídica

Margarita de la Calle Bermejo
Comisión CIM

Joaquín Prieto Flores
Programa Abramos o Círculo

Rocío Trastoy García
Programa de Atención Psicolóxica
a Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero

ACTIVIDADES

a) *Velada Musical-Literaria “Voces contra a Violencia de Xénero”*

Data: 29 de novembro

Lugar: Sala Ultramarinos de Santiago de Compostela

Relatoras: **Marilar Aleixandre**. Poeta

Iolanda Aldrey. Poeta

Belén de Andrade. Poeta

Lorena Souto. Poeta

Concha Rousía. Poeta

Uxía Senlle. Cantautora.

b) Participación nunha mesa redonda-coloquio sobre violencia de xénero, celebrada o 8 de xaneiro en Xinzo de Limia (Ourense) e organizada pola Asociación de Mulleres Galiza Nova de Allariz-A Limia-Maceda (Ourense).

c) Presentación da comunicación “Atención Psicolóxica en Violencia de Xénero” ao abeiro das II Xornadas de Violencia de Xénero, celebradas o 28, 29 e 30 de novembro en Ourense e organizadas polo Concello de Ourense en colaboración co Colexio de Avogados de Ourense.

6.3. COMISIÓN DE PSICOLOXÍA DO DEPORTE

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 18 de xuño



Comisión de Psicoloxía do Deporte

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

M^a Dolores González Fernández

Coordinadora

Eva García Quinteiro

Secretaria

Graciela Lois Río

Julio Prol Bao

Mario Salvador Fernández

Iria Salvador Pérez

Delfina Vicente Santiago

ACTIVIDADES

- a) *Sesión Informativa sobre a División de Psicoloxía da Actividade Física e o Deporte*

Data: 18 de xuño

Lugar: Salón de Actos do COPG

Relatora: **M^a Dolores González Fernández**. Coordinadora da Comisión de Psicoloxía do Deporte do COPG

- b) Participación na elaboración das directrices de traballo e no desenvolvemento da estrutura e funcionamento e da División de Psicoloxía da Actividade Física e o Deporte do Consejo General de COP.

6.4. COMISIÓN DE CULTURA

IV Concurso Literario do COPG

“Rosa de Cen Follas” de poesía e narrativa

■ Xurado:

M^a Rosa Álvarez Prada

Decana

Concepción Rodríguez Pérez

Coordinadora da Comisión de Cultura e Escritora

Joel Gómez

Xornalista

Iolanda Rodríguez Aldrey

Escritora

O Concurso Literario foi convocado no mes de maio e ao mesmo presentáronse un total de 36 obras. O fallo do xurado fíxose público o 30 de xuño, que acordou por unanimidade outorgar o premio na modalidade de poesía a *O Cantábrico* de Rosibel Carolina Palomera Martín e na modalidade de narrativa a *A Cadea das Almas Limpas* de María Martínez Barcala. A entrega dos premios ás gañadoras tivo lugar o 13 decembro no Salón de Actos do COPG.



Momentos da entrega de premios do IV Concurso Literario do COPG

7.

GRUPOS
DE TRABAJO7.1. GIPCE. GRUPO DE INTERVENCIÓN
PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES
E EMERXENCIAS

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 10 de xaneiro
- 14 de febreiro
- 14 de marzo
- 11 de abril
- 9 de maio
- 6 de xuño
- 18 de xullo
- 29 de agosto
- 26 de setembro
- 7 de novembro
- 19 de decembro

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Ana Isabel Martínez Arranz

Coordinadora

Ana M^a Núñez Rubines

Secretaria

Jesús Alberto Carballo Bouzas (Ata o 19 de decembro), Elena González Cid, M^a Carmen González Hermo, Concepción López Martín, Fátima López Rodríguez, M^a Luz Losada Somoza, Aurora Rozadilla Arias, Isabel Vázquez Prado

ACTIVIDADES

a) Actividades Formativas:

- Seminario Práctico *A Coordinación nas Intervencións*

Datas: 22 de xaneiro

Lugar: Salón de Actos do COPG

Relatoras: M^a Elena Seoane de la Fuente, M^a del Carmen González Hermo, M^a Luz Losada Somoza, M^a del Carmen Patiño García, Ana M^a Núñez Rubines, Ana Isabel Martínez Arranz. Membros do GIPCE.



Comisión Coordinadora do GIPCE



Seminario Práctico: *A Coordinación nas Intervencións*

- Curso *Psicoterapia con Supervivientes de Situacións Extremas (II Parte)*
Data: 18 e 19 de febreiro
Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela
Docente: **Pau Pérez Sales**. Psiquiatra. Director da Unidade de Trauma Complexo do Hospital Universitario La Paz. Madrid.
- Curso *Dó e Intervención con Menores en Situacións Críticas*
Data: 15 e 16 de abril
Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela
Docente: **Rodolfo Ramos Álvarez**. Doutor en Psicoloxía. Profesor na Universidad de Granada.
- Curso *Organización de Equipos e Intervención en Catástrofes Internacionais*
Data: 8 de outubro
Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela
Docentes: **Elena González Cañal**. Médica dos Servizos de Emerxencias 061 de Mallorca.
Aurora Rozadilla Arias. Psicóloga Clínica. Membro da Comisión Coordinadora do GIPCE.
- Curso *Intervención en Suicidio. A Morte Ignorada*
Data: 16 e 17 de decembro
Lugar: Salón de Actos do COPG
Docentes: **Carmen Tejedor**, Coordinadora da Sala de Hospitalización de Agudos no Hospital de Santa Creu i Sant Pau de Barcelona.
Ana M^a Díaz Pérez. Psiquiatra na Sala de Hospitalización de Agudos no Hospital de Santa Creu i Sant Pau de Barcelona.
Joaquín Soler Ribaudi. Psicólogo clínico no “Programa de prevención de la conducta suicida Sector Dreta Eixample”.



1



2



3



4

1. Curso: *Psicoterapia con Supervivientes de Situacións Extremas (II Parte)*

2. Curso: *Dó e Intervención con Menores en Situacións Críticas*

3. Curso: *Organización de Equipos e Intervención en Catástrofes Internacionais*

4. Curso: *Intervención en Suicidio. A Morte Ignorada*

b) Mobilizacións e intervencións:

- **Accidentes de tráfico**
8 de xuño. Ordes (A Coruña).
22 de agosto. Outes (A Coruña).
27 de agosto. Ordes (A Coruña).
13 de novembro. Valga (Pontevedra).
- **Asesinato**
21-23 de agosto. A Coruña.
- **Afogamento**
27 de agosto. Ourense.
23-24 de agosto. Laxe (A Coruña).
- **Accidente Laboral**
15-16 de setembro. Riotorto (Lugo).
- **Secuestro**
24-25 de xaneiro. Redondela (Pontevedra).

c) Documentación

- Realización e posterior envío do boletín do GIPCE no mes de abril con información sobre a Comisión Coordinadora, as accións formativas, alertas e intervencións e outra información de interese.
- Elaboración da Guía de Autoaxuda para Persoas Afectadas por Situacións Críticas.

d) Grupos de Traballo

- **Grupo de gardas**
Formado por 15 membros do GIPCE encargadas de realizar gardas telefónicas que permitiron dar cobertura as 24 horas do día dos 365 días do ano a todas as demandas do 112 de atención a emerxencias.
- **Grupo de apoio a intervinientes (GAI)**
Formado por 7 membros do GIPCE encargados de proporcionar o soporte psicolóxico necesario a aqueles membros do grupo que acaban de participar nunha intervención.
- **Grupo de Traballo en simulacros**
Formado dende o mes de abril por 8 membros do GIPCE co obxectivo de elaborar documentación que facilite a integración dos representantes do GIPCE nos simulacros convocados por outros grupos ou organismos.
- **Grupo de Traballo en exhumacións.**
Formado dende o mes de febreiro por 8 membros do GIPCE. A súa finalidade é atender as demandas de acompañamento en exhumacións procedentes da Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica.

7.3. GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

REUNIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Celebráronse nas seguintes datas:

- 27 de xaneiro
- 24 de marzo
- 26 de maio
- 30 de xuño
- 27 de outubro
- 17 de novembro

REUNIÓN DO GRUPO DE TRABAJO

Celebráronse nas seguintes datas:

- 30 de abril

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Eva Muíño Gómez
Coordinadora
Eduardo Anoeta Rodríguez
Pilar Casal Devesa
Rosa M^a Domínguez Cameán
Carlos Gestal Gestal
María Mariño Barca
M^a Jesús Sánchez Peteiro
Juan Bonome Rodal

ACTIVIDADES

a) Cursos:

- *Nova Tecnoloxía na Avaliación da Personalidade: O DP-TC. Aplicación Práctica (2ª Parte)*
En colaboración coas Seccións de Psicoloxía Xurídica, Psicoloxía Educativa, Psicoloxía da Intervención Social e Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG.
Data: 1 e 2 de abril
Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela
Docentes: **José M^a Tous Ral.** Catedrático de Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicolóxico. Universitat de Barcelona. / **Rubén Muíños Martínez.** Doutor en Psicoloxía. Universitat de Barcelona.

b) Xornadas:

- *II Xornadas Galegas de Psicoloxía do Tráfico e Seguridade: As Persoas, Factor Decisivo*
Data: 26 de novembro
Lugar: Escola Galega da Administracións Públicas en Santiago de Compostela.

c) Actividades formativas do Grupo:

- *Determinantes Psicolóxicos das Condutas de Risco ao Volante*
Data: 30 de abril
Lugar: Salón de Actos do COPG
Docente: **Beatriz González Iglesias.** Investigadora da Universidade de Santiago de Compostela.

1



d) Participación nas seguintes actividades

- Realización de dúas sesións do Programa SEVIME (Seguridade Viaria con Menores) para menores imputados por delitos de tráfico, celebradas en Pontevedra e Vigo organizadas polas Policía Local de Pontevedra e Vigo, respectivamente, en colaboración coa Fiscalía de Menores de Pontevedra.
- Presentación do relatorio “Condutores Infractores: Un Ano de *Xornadas de Concienciación*”, no II Encontro de Cidades para a Seguridade Viaria, organizado pola Dirección General de Tráfico do Ministerio del Interior, celebrado en Córdoba os días 17 e 18 de febreiro.
- Presentación da comunicación “Psicoloxía do Tráfico. Importancia dos Programas de Intervención. *Xornadas de Concienciación*” na I Xornada de Seguridade Viaria e Xuventude organizada pola Asociación Xuvenil de Seguridade Viaria en Galicia (AXUSVEG) celebrada en Santiago de Compostela o día 18 de outubro.
- Participación en seis reunións de seguimento do traballo de investigación coa Unidade de Investigacións en Prevención e Tratamento de Problemas de Conduta (UDIPRE) da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, dentro do convenio de colaboración entre o COPG e a Universidade de Santiago de Compostela. Celebradas en maio, xuño, xullo e novembro.

2



3



e) Documentación elaborada

- Ampliación de actividades no programa “Xornadas de Concienciación” e readaptación ao modelo TASEVAL.
 - Catro comunicacións presentadas nas II Xornadas Galegas da Psicoloxía do Tráfico e Seguridade.
 - Dous comunicados e dossier para a prensa: Manifesto en apoio do Día Internacional das Vítimas da Violencia Viaria.
- Con motivo da II Xornadas Galegas de Psicoloxía do Tráfico e Seguridade.

4



1. Comisión Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade
2. Curso de *Nova Tecnoloxía na Avaliación da Personalidade*
3. *II Xornadas Galegas de Psicoloxía do Tráfico e Seguridade*
4. Actividade formativa: *Determinantes Psicolóxicos das Condutas de Risco ao Volante*

8.

CONVENIOS DE COLABORACIÓN

8.1. PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓGICA A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

Este programa sitúase dentro do marco do Convenio de Colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o COPG para a atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero. Vense renovando anualmente desde o ano 2004.

COORDINADORA:

Rocío Trastoy García

ACTIVIDADES**a) Formación:****■ *Xornada de Formación para Terapeutas do Programa***

Data: 29 de xaneiro

Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

Docente: **José Luis Rodríguez-Arias Palomo.**

Presidente da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG.

■ *Xornada de Formación para Novos Terapeutas do Programa*

Data: 12 de xullo

Lugar: Salón de Actos do COPG

Docente: **Rocío Trastoy García.** Coordinadora do Programa.

b) A Coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero do COPG, Rocío Trastoy García, participou nunha mesa-coloquio desenvolvida ao abeiro das Primeiras Xornadas para a Abordaxe Integral da Violencia de Xénero, celebrada o 24 de febreiro en Soutomaior (Pontevedra) e organizada polo CIM dese Concello.

c) O psicólogo habilitado do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero do COPG, José Vicente Martínez-Romero Gandos, presentou unha comunicación sobre o citado Programa ao abeiro do Congreso Arxentino de Saúde Mental organizado

pola Asociación Arxentina de Saúde Mental e celebrado es Bos Aires (Arxentina) entre o 19 e o 21 de maio.

d) Participación da coordinadora do programa na Comisión Intersectorial de Xénero do COPG.

e) Intervencións:

- O equipo de psicólogos e psicólogas que traballan ao abeiro do programa consta de 76 profesionais en toda a Comunidade. Houbo unha incorporación de 22 novos profesionais en 2011.
- Ao longo do ano incorporáronse ao programa un total de 236 novos casos, ademais de manterse as incorporadas en anos anteriores que continuaban activas. Foron incorporados un total de 129 menores e persoas dependentes das novas usuarias.
- En total foron atendidas 347 mulleres e 189 menores e persoas dependentes delas.

8.2. PROGRAMA “ABRAMOS O CÍRCULO”

Programa incluído no Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o COPG para a atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar. Vense renovando anualmente desde 2001.

COORDINADOR:

Joaquín Prieto Flores

ACTIVIDADES

a) Formación:

- *Xornada de Formación para os Novos Terapeutas do Programa*

Data: 17 de setembro

Lugar: Salón de Actos do COPG

Docentes: **Joaquín Prieto Flores, Manuel Lopo Lago, Carmen Morell Muñoz, Raquel Malvárez García.** Psicólogos habilitados do Programa Abramós o Círculo.

- b)** A psicóloga habilitada do Programa Carmen Morell Muñoz, participou nunha mesa-coloquio desenvolvida ao abeiro das Primeiras Xornadas para a Abordaxe Integral da Violencia de Xénero, celebrada o 25 de febreiro en Soutomaior (Pontevedra) e organizada polo CIM dese Concello.

- c) O psicólogo habilitado do Programa de Abramos o Círculo do COPG, Carlos Domínguez Robledo, participou nunha xornada celebrada o 10 de xuño sobre violencia de xénero organizada polo Centro de Información á Muller do Concello de Monforte de Lemos (Lugo) na que se presentou o traballo desenvolvido polo Programa.
- d) O Coordinador do Programa de Abramos o Círculo do COPG, Joaquín Prieto Flores, participou nas Xornadas formativas sobre Prevención e Tratamento Integral sobre Violencia de Xénero celebradas o 7 de outubro e organizadas polo do Concello do Porriño (Pontevedra) nas que se presentou o traballo desenvolvido polo Programa.
- e) Participación do coordinador do programa **na Comisión Intersectorial de Xénero do COPG.**
- f) **Intervencións:**
 - O equipo de psicólogas e psicólogos que traballan ao abeiro do programa consta de 40 profesionais en toda Galicia. Houbo unha incorporación de 17 novos profesionais en 2011.
 - En total foron atendidos 69 homes, dos cales 34 tratábanse de novos casos e 35 eran casos incorporados en anos anteriores.

8.3. INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS

Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia en Materia de Protección Civil. Vense renovando anualmente desde 1998.

O obxecto deste convenio é aportar apoio á acción permanente dos órganos e autoridades competentes en protección civil para a prevención e atención ante as emerxencias.

O COPG ven sostendo un Grupo de Traballo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE), ver epígrafe 7.1 desta Memoria, organizado en forma de rede activable, con capacitación técnica e dotado da necesaria estrutura organizativa. O GIPCE ofrece un recurso necesario e preparado para a resposta de intervención psicolóxica en desastres de media e grande magnitude.

8.4. PROGRAMA DE MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL

En 2011 renováronse os Convenios de Colaboración entre as Consellerías de Traballo e Benestar e Presidencia, Administracións Pública e Xustiza da Xunta de Galicia, o Ministerio Fiscal, o Colexio Oficial de Psicología de Galicia, o Colexio Oficial de Avogados de Santiago e o Colexio de Avogados de Ourense para dar continuidade aos Programas de Mediación Intraxudicial en Santiago de Compostela e Ourense.

A través dos convenios asinados pretende desenvolverse programas de mediación intraxudicial gratuíta en Santiago de Compostela e Ourense, mediante a constitución de equipos permanentes de mediación compostos por un psicólogo ou psicóloga e un avogado ou avogada que traballen en directa conexión cos fiscais dos xulgados e coa propia xudicatura.

Estes programas impulsan a mediación familiar como unha técnica de resolución de conflitos en procesos xudiciais de familia no que se trata de acadar un acordo entre as partes, considerando as necesidades de cada membro da familia e, especialmente, dos menores do núcleo familiar.

Equipo de mediación intraxudicial de Santiago de Compostela

Juan Manuel Daponte Codina
Titular

José Ramón García Gómez
Suplente

O equipo de Santiago de Compostela atendeu 50 casos. Destes casos, un 44% acadaron un acordo. Dos casos recibidos, pódese dicir que se distribúen en separacións/divorcios, modificación de medidas, execución de títulos xudiciais e liquidacións de bens gananciais en canto a parellas e tamén situacións que teñen que ver coa relación de avós e netos, en temas relacionados con incapacidades e tutelas xudiciais.

Equipo de mediación intraxudicial de Ourense

José Antonio Varela Alonso
Titular

M^a Galiza Agüete Dorrió
Suplente

O equipo de Ourense atendeu 15 casos. Destes casos, un 40% acadaron un acordo. Dos casos recibidos, pódese dicir que se distribúen en separacións/divorcios, modificación de medidas, execución de títulos xudiciais e liquidacións de bens gananciais en canto a parellas e tamén situacións que teñen que ver coa relación de avós e netos, en temas relacionados con incapacidades e tutelas xudiciais.

8.5. “XORNADAS DE CONCIENCIACIÓN” DE SEGURIDADE VIARIA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a través do Grupo de Tráfico e Seguridade, levou a cabo en colaboración directa co Servizo Provincial de Penas e Medidas Alternativas da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias do Ministerio del Interior, as “Xornadas de Concienciación” de seguridade viaria, dirixidas a aquelas persoas penadas por delitos relacionados coa seguridade viaria e o tráfico a Traballos en Beneficio da Comunidade.

Esta experiencia responde á continuación dun proxecto pioneiro iniciado en 2009, que foi o primeiro que se desenvolveu en todo o Estado Español, e partiu da necesidade de contar con alternativas para traballar na concienciación viaria.

Realizáronse neste ano dez intervencións con outros tantos grupos de persoas penadas por delitos relacionados coa Seguridade Viaria:

- 4 Xornadas en Santiago de Compostela nos meses de febreiro, maio, xuño e outubro.
- 2 Xornadas en Pontevedra nos meses de setembro e novembro.
- 2 Xornadas en Vigo nos meses de setembro e novembro.
- 1 Xornada en Ourense no mes de outubro.
- 1 Xornada en Ferrol no mes de xuño.

Efectuaron labores de Coordinación os seguintes colexiados e colexiadas: M^a Jesús Sánchez Peteiro, María Mariño Barca, Teresa Antelo Silva, Eduardo Anoeta Rodríguez, Yolanda Anoeta Rodríguez, M^a Esther Caamaño Silva, José Lamas López, Sandra Sesto Vilariño, Rosa Domínguez Cameán, Eva Muíño Gómez, Celsa Regueiro Muñoz e M^a Luz Mosquera Mejuto.

Levaron a cabo tarefas de Observación: Celsa Regueiro Muñoz, Cinta Libre-ro Escala, Alejandro Soares Diz, Diego Antelo Guerra, Paula Pereira Rodríguez, Eduardo Barca Enríquez, Gumersinda Cao Míguez, José Lamas López, M^a Luz Mosquera Mejuto, Victoria Romero Vieira, Mar Romero Abalo, Antonia Gamote Álvarez.

Valoración altamente satisfactoria como experiencia tanto por parte dos psicólogos participantes (100%) como por parte dos asistentes, cuxas observacións finais son altas nun 85%, aínda que en menor medida que en anos anteriores debido fundamentalmente ás variables do tamaño do grupo e do maior número de xornadas de condena.

Os resultados indican que tanto a participación individual como a implicación no programa víronse afectadas negativamente, rebaixándose nos grupos grandes nun 10% os indicativos utilizados (concretamente baixa implicación e motivación para o cambio) debido fundamentalmente ás dúas variables anteriormente citadas.

8.6. PROXECTO PILOTO DE INTERVENCIÓN CON HOMES QUE EXERCEN VIOLENCIA DE XÉNERO

O Servizo de Xestión de Penas e Medidas Alternativas do Centro de Inserción Social *Carmela Arias y Díaz de Rábago* de A Coruña, dependente da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias do Ministerio do Interior, en colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, puxo en marcha en marzo de 2011 un “Proxecto Piloto de intervención con homes que exercen violencia de xénero”.

O Proxecto desenvolveuse ao longo de seis meses con senllos grupos de intervención nas cidades da Coruña e Santiago de Compostela, con sesións semanais de dúas horas no que participaron 22 homes penados por delitos relacionados coa violencia de xénero.

No mes de novembro comezou a intervención con dous novos grupos, tamén desenvolvidos nas mesmas cidades, no que participan 25 penados.

- As psicólogas do Grupo de Intervención de Santiago de Compostela son:
Carmen Morell Muñoz
Olga de la Luz Borrajo Tato
M^a Ángeles Pazos Sieira
- Os psicólogos do Grupo de Intervención da Coruña son:
Ana M^a Caaveiro García
Rubén Villar Trencó

8.7. CONVENIO COA FUNDACIÓN EDUCACIÓN, DEPORTE Y SALUD (FEDYS)

Convenio de colaboración asinado en 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Fundación Educación, Deporte y Salud (FEDYS), que tal e como recolle o seu nome, ten tres eixes básicos de actuación: a Educación, o Deporte e a Saúde.

Este convenio permite, entre outros aspectos, o desenvolvemento e mellora da saúde na poboación xeral a través da práctica da actividade física e deportiva co obxectivo de diminuír algunhas das enfermidades máis frecuentes nas sociedades actuais como a hipertensión, a diabetes... e un problema cada día máis en aumento como é a obesidade. Tamén, permite a posibilidade de levar a cabo traballos de investigación relacionados coa área ou a organización de Cursos, Seminarios ou Xornadas.

Finalmente, pensamos que unha das colaboracións máis relevantes pola súa novidade é o asesoramento vocacional e psicolóxico aos deportistas que se achegan á Oficina de Atención ao Deportista, tanto as persoas que están en activo como as xa retiradas.

8.8. CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Convenio marco de colaboración asinado en 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela.

Ao abeiro deste convenio a Universidade e o COPG executan de xeito conxunto proxectos e programas de investigación, desenvolvemento e transferencia de coñecemento, ademais de cooperar en programas e actividades de formación continuada de profesionais e de persoal investigador.

Encadrado neste convenio, o COPG ten asinado un convenio específico de colaboración entre o Grupo de Tráfico e Seguridade e a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela co fin de desenvolver un modelo de intervención psicolóxica dirixido a previr a reincidencia das persoas infractoras de tráfico.

8.9. CONVENIO COA FUNDACIÓN MENIÑOS

Convenio marco de colaboración asinado en 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Meniños Fundación para a Infancia.

Este convenio ten por obxecto definir un marco xeral de colaboración estable entre ambas as dúas institucións para o desenvolvemento de accións de formación, investigación, comunicación, publicacións, asesoramento ou calquera outra de interese común.

9. SERVICIO DE INTERVENCIÓN EN PSICOLOXÍA FORENSE

O principal fin do Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense é o nomeamento de psicólogos e psicólogas peritos perante á Administración de Xustiza.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia conta cun listado de psicólogos e psicólogas, para respostar ás demandas que se fagan á Institución de nomeamento de peritos para actuar ante os órganos xurisdiccionais e das Administracións Públicas. Este Listado, de ámbito territorial provincial, organízase en tres áreas concretas de intervención:

- Dereito Penal
- Dereito Civil
- Dereito Laboral, Social e outros ámbitos.

En cumprimento do establecido na Lei, fíxose envío a todos os xulgados de Galicia dos listados de psicólogos e psicólogas peritos dispostos a actuar nas diferentes áreas de intervención para a súa designación directa por parte dos xulgados.

Támén se colaborou na edición da Guía de Peritos Xudiciais 2011, elaborada pola Unión Profesional de Galicia.

10.

**BECA SIOTA DE INVESTIGACIÓN
EN PSICOLOXÍA****VII EDICIÓN DA BECA SIOTA****Composición do Comité Seleccionador:**

M^a Rosa Álvarez Prada
Decana do COPG

Concepción Fernández Fernández
Secretaria do COPG

Carlos Álvarez García
Rosa Cerqueiro Landín
Ana Jartín Abreira
José Manuel Oreiro Blanco
Gloria Seoane Pesqueira
Vogais

O Comité Seleccionador da Beca Siota de Investigación en Psicoloxía, acordou na súa reunión do 22 de febreiro, unha vez valorados os 10 proxectos presentados, a concesión da Beca ao proxecto “Eficacia do tratamento por calor na anorexia nerviosa” presentado por Olaia Carrera Guermeur, psicóloga colexiada G-3878.



De esquerda a dereita: M^a Rosa Álvarez Prada, Olaia Carrera Guermeur e Concepción Fernández Fernández

11. EVENTOS COLEXIAIS

11.1 ACHEGAS DA PSICOLOXÍA 2011

O sábado 7 de maio tivo lugar na DOMUS-Casa do Home da Coruña encontro ACHEGAS DA PSICOLOXÍA 2011, organizado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG), ao que asistiron preto dun cento de psicólogas e psicólogos de toda Galicia.

Tras a homenaxe ás compañeiras e compañeiros de profesión que cumpriron 25 anos de colexiación, fíxose entrega do premio *Dolores Llópiz. Psicoloxía e Sociedade 2011*, que distingue á persoa, institución ou asociación que teña contribuído ao desenvolvemento da Psicoloxía. Nesta edición outorgouse á Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica, por contar dende hai anos entre o seu equipo de colaboradores con profesionais da Psicoloxía que contribúen a axudar ás familias a pechar dós e procesos traumáticos abertos durante máis de 70 anos.

En representación da Asociación galardoada, Carmen García-Rodeja Arribi manifestou o seu agradecemento cunhas sentidas verbas.

No acto acompañounos o Grupo de Pandereteiras Limagoia de Negreira.



Momentos do acto de Achegas da Psicoloxía 2011

12.

**REPRESENTACIÓN COLEXIAL
NOS CONSELLOS****Consello Galego de Servizos Sociais***Titular:* M^a Jesús López Cernadas*Suplente:* Encarnación Álvarez Gallego**Consello Provincial de Servizos Sociais da Coruña***Titular:* Encarnación Álvarez Gallego*Suplente:* M^a Ángeles Castro Díaz**Consello Provincial de Servizos Sociais de Lugo***Titular:* Isolina Rodríguez López*Suplente:* Julio González Morandeira**Consello Provincial de Servizos Sociais de Ourense***Titular:* José Antonio López Fontelo*Suplente:* Isabel Blanco Yáñez**Consello Provincial de Servizos Sociais de Pontevedra***Titular:* Felisa Balboa Cardoso*Suplente:* M^a Jesús Cejudo López**Consello Galego de Saúde***Titular:* Xavier Sardiña Agra*Suplente:* Delia Guitián Rodríguez**Consello Municipal de Servizos Sociais do Concello de Vigo***Titular:* Ana M^a Fieira Nogareda**Consello Municipal de Saúde do Concello de Vigo***Titular:* Irene Esperón Rodríguez**Consello Municipal de Saúde do
Concello de Santiago de Compostela***Titular:* Concepción Rodríguez Pérez**Consello de Deporte de Galicia***Titular:* María Dolores González Fernández

13. EN REPRESENTACIÓN DO COPG

- A Decana, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Coordinadora da Comisión de Cultura e Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, asistiron ao acto de presentación do libro “La paz como cultura: fuentes y recursos de una pedagogía para la paz” que tivo lugar o 20 de xaneiro en Santiago de Compostela.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e o Vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, mantiveron o 8 de febreiro unha reunión con representantes da ONG Médicos do Mundo Galicia. Dita reunión tivo como eixo central a presentación no COPG da asociación destacando unha iniciativa que Médicos do Mundo promove en defensa do dereito á saúde das persoas inmigrantes en situación irregular a traveso da Declaración Europea do persoal sanitario “por un acceso á atención sanitaria non discriminatoria”, que o COPG asinou.
- A Presidenta da Sección de Psicoloxía Xurídica, Carmen Morell Muñoz, asistiu ao acto de presentación da Guía de Peritos Xudiciais que editou a Unión Profesional de Galicia e que tivo lugar o 1 de marzo en Santiago de Compostela.
- A Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiu o 4 de marzo á Asemblea Xeral Ordinaria da Asociación Puntogal, na que o COPG está integrado.
- O Vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, asistiu ao Pleno, á Asemblea Xeral Ordinaria e á Asemblea Xeral Extraordinaria da Unión Profesional de Galicia, na que o COPG está integrado. Ditas reunións tiveron lugar o 29 de marzo en Compostela.
- A Vicesecretaria do COPG, M^a Concepción Prado Álvarez, participou na Mesa Redonda “Estudios de Grao en Psicoloxía”, no marco das XIX Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional, organizadas polo Concello da Coruña e celebradas na Coruña o 6 de abril.
- A Presidenta da Sección de Psicoloxía Xurídica, Carmen Morell Muñoz, asistiu á Xornada Técnica “A proba pericial”, organizada pola Unión Profesional de Galicia e que tivo lugar o 8 de abril en Santiago de Compostela.
- A representante do COPG no Consello Provincial de Servizos Sociais de Lugo, Isolina Rodríguez López, asistiu á reunión de presentación de datos de servizos sociais na provincia de Lugo, convocada pola Deputación Provincial de Lugo e celebrada o 29 de abril.
- A Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Concha Rodríguez Pérez, asistiu á reunión do consello do Foro Social Galego que tivo lugar en Santiago de Compostela o 30 de abril.
- Xuntanza dos membros do grupo de Traballo en exhumacións do GIPCE o 3 de xuño coa representante en Galicia da Asociación pola

Recuperación da Memoria Histórica, Carmen García-Arribi Rodeja, para establecer posibles vías de colaboración nas exhumacións que haxa en Galicia.

- A Decana, M^a Rosa Álvarez Prada, participou na presentación da campaña “Eu digo non á discriminación” da Asociación Colega Galicia celebrada o pasado 28 de xuño en Santiago de Compostela.
- A Decana, M^a Rosa Álvarez Prada, acudiu o pasado 23 de xuño á presentación oficial da *Fundación Irene Megías contra a Meninxite* que tivo lugar en Santiago de Compostela.
- A Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, participou nunha reunión do Comité Organizador Galego do Foro Social Mundial celebrada o 14 de setembro en Compostela.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o 14 de setembro ao acto organizado en Santiago de Compostela polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia no que se presentou o seu Grupo de Traballo en Igualdade.
- A Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiu á 10^a Xornada de Reflexión *Attitudes*, celebrada en Madrid o 26 de outubro e organizada pola Iniciativa Social de Audi.
- A Decana, M^a Rosa Álvarez Prada, participou no acto inaugural do Congreso Internacional Violencia de Xénero e Xustiza, celebrado o 16 de novembro en Santiago de Compostela e organizado pola Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela.
- Asistencia dun membro do grupo de traballo en exhumacións do GIPCE á conferencia “Represión, memoria, silencio e saúde mental”, impartida o 17 de novembro pola psicóloga Anna Miñarro, en Vigo e organizada pola Asemblea Republicana de Vigo.
- O COPG designou á Vicesecretaria, M^a Concepción Prado Álvarez, para a realización das probas psicotécnicas do proceso selectivo de policía locais do Concello de Ferrol.
- A Vogal da Xunta de Goberno, Eva Muíño Gómez, asistiu á reunión do Pleno e á Asemblea Xeral Ordinaria da Unión Profesional de Galicia, celebradas o 29 de novembro en Santiago de Compostela.
- A Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, xunto coa vogal do citado Grupo, M^a Luz Losada Somoza, asistiron a unha reunión o 30 de novembro con representantes da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 para perfilar a coordinación entre ambas institucións nas intervencións.
- O Vogal da Xunta de Goberno, José Manuel Oreiro Blanco, asistiu ao acto de clausura do XIV Congreso Estatal de Voluntariado, celebrado en a Coruña o 1 de decembro e organizado pola Xunta de Galicia.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, M^a Jesús López Cernadas, asistiron á V Xornada de Discapacidade e Educación, celebrada en Santiago de Compostela o 14 de decembro e organizada conxuntamente polo Observatorio Estatal da Discapacidade e a Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

RELACIÓNS E COLABORACIÓNS

14. INSTITUCIONAIS

PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA, SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, mantivo unha reunión o 12 de decembro coa Secretaria Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, Susana López Abella, no que trataron sobre o Convenio de colaboración asinado entre ambas institucións en materia de violencia de xénero.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA - DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR

- A Decana, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, asistiron o 14 de febreiro a unha reunión con representantes da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia para abordar as liñas do convenio de colaboración entre ambas institucións en materia de protección civil.
- O 18 de marzo levouse a cabo a sinatura do Convenio de Colaboración para 2011 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia en materia de protección civil.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA - DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

- A Decana, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiron o 8 de febreiro a unha xuntanza co Director Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, Juan José Martín Álvarez, na que se fixo presentación das “Xornadas de Concienciación (Sistema TASEVAL)”, se abordou a posibilidade de levar a cabo colaboracións entre ambas institucións en materia de seguridade viaria, se reivindicou a figura do psicólogo ou psicóloga nas oficinas de atención a vítimas, da situación actual dos psicólogos e psicólogas peritos e da infraestrutura dos equipos de mediación intraxudicial.

CONSELLERÍA DE SANIDADE - DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS HUMANOS DO SERGAS

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e o Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG, Xavier Sardiña Agra, asistiron o 6 de setembro a unha reunión coa Directora Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, Esperanza Fernández Lago, na que trataron diversos temas que atinxen á Psicoloxía no Sistema de Saúde Público.

CONSELLERÍA DE SANIDADE - DIRECCIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA

- As Vogais da Comisión Coordinadora do GIPCE, Elena González Cid e Aurora Rozadilla Arias, asistiron o 22 e 29 de novembro e 12 e 13 de decembro ás reunións do Grupo Sanitario do Plan de Emerxencia Exterior de Galicia, convocado pola Delegación Territorial da Coruña da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA - ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA (AGASP)

- A Decana, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiron o 28 de abril a unha reunión co Director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública da Xunta de Galicia, José Carlos García Bouzas, co fin de presentar o labor que desenvolve o COPG en materia de seguridade viaria e abordar a posibilidade de levar a cabo colaboracións neste eido entre ambas institucións.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA



Momento da sinatura do Convenio entre a S. X. Igualdade e o COPG

- O 28 de marzo levouse a cabo un ano máis a sinatura do Convenio de Colaboración para 2011 entre a Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero e, complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o 25 de marzo á reunión de coordinación do programa experimental de mediación intraxudicial en Santiago de Compostela e Ourense. Estiveron presentes tamén na reunión representantes das Consellerías de Traballo e Benestar e de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia; os Xuíces de familia de Ourense e Santiago de Compostela; as Fiscalías de Ourense e Santiago de Compostela; os Decanos dos Colexios de Avogados de Santiago de Compostela e

Ourense; e os integrantes dos equipos de mediación intraxudicial de Santiago de Compostela e de Ourense.

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu ao acto de presentación pública do Servizo de Mediación Intraxudicial de Ourense, que tivo lugar o 7 de abril no Colexio de Avogados de Ourense. Estiveron presentes tamén no acto representantes das Consellerías de Traballo e Benestar e de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia; a Xuíza de familia de Ourense; a Fiscalía; o Decano do Colexio de Avogado de Ourense; e os integrantes do equipo de mediación intraxudicial de Ourense.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS DA XUNTA DE GALICIA - DIRECCIÓN XERAL DE INFRAESTRUTURAS

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, mantiveron unha reunión o 27 de Xullo coa Directora Xeral de Infraestruturas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, Ethel Vázquez Mourelle co fin de tratar a inclusión dos aspectos psicolóxicos nas accións a desenvolver por parte da Xunta de Galicia no Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2011-2015.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, xunto coa Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do GIPCE do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, e coa Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiron o 6 de setembro e o 11 de outubro a senllas reunións coa Conselleira do Mar da Xunta de Galicia, Rosa M^a Quintana Carballo, e coa Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Susana Rodríguez Carballo. Nesta reunión trataron sobre a situación actual das avaliacións psicolóxicas no mergullo profesional, a intervención psicolóxica nas catástrofes marítimas e a participación de psicólogos e psicólogas na formación dos traballadores e traballadoras do mar.

PARLAMENTO DE GALICIA

- A Decana, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, Olegaria Mosquera Bueno, asistiron ao debate parlamentario sobre o Proxecto de Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa, que se levou a cabo o 26 de abril no Parlamento de Galicia.
- A Decana, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu ao debate final sobre o Proxecto de Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa que tivo lugar o pasado 28 de xuño no Parlamento de Galicia.



De esquerda a dereita: Olegaria Mosquera Bueno e M^a Rosa Álvarez Prada

- A Decana, M^a Rosa Álvarez Prada, xunto coa Secretaria do COPG, Concepción Fernández Fernández, compareceron o 3 de outubro no Parlamento de Galicia perante a Comisión non permanente de estudo para a elaboración dun plan de dinamización demográfica de Galicia, constituída co obxecto de pór en marcha un instrumento institucional na Cámara Galega que sirva de foro de estudo e debate e ofrezga propostas de solución para paliar o descenso demográfico de Galicia.

MINISTERIO DEL INTERIOR - GARDA CIVIL DE TRÁFICO

- O Tesoureiro do COPG, Miguel A. Chouza Ponte, xunto coa Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiron a unha reunión co Xefe de Sector da Agrupación de Tráfico da Garda Civil en Galicia, Tenente Coronel José Hermida. En dita reunión, que tivo lugar o 25 de maio na Coruña, presentouse o traballo que está a desenvolver o COPG en materia de tráfico e seguridade viaria.

CONCELLO DE VIGO - POLICÍA LOCAL

- A Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, tivo unha xuntanza o día 5 de xullo con representantes da Policía Local de Vigo. Trataron o tema de colaboración no curso de reeducación e sensibilización viaria para menores (SEVIME).

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA - CONCELLARÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia forma parte desde a súa constitución no ano 2008 do *Grupo de Apoio Local do Proxecto Europeo WEED Muller, empresa e emprego no desenvolvemento local*, no que participa o Concello de Santiago de Compostela a través da Concellaría de Promoción Económica. O Proxecto WEED, é unha rede temática de cidades que analiza o tema de Muller, Empresa e Emprego no Desenvolvemento Local. Os asuntos clave nos que se centra o traballo durante a duración do proxecto son: Muller e emprendemento; desigualdade de xénero no mercado laboral e muller na economía da investigación e o coñecemento. Do 2 ao 5 de febreiro tivo lugar en Umea (Suecia) o III Seminario Internacional do Proxecto WEED, baixo a temática “Mulleres no coñecemento” no que se levou a cabo un intercambio e desenvolvemento de propostas concretas das cidades participantes no proxecto co fin de promocionar as oportunidades de desenvolver, utilizar e conservar as habilidades das mulleres nunha economía baseada no coñecemento, especialmente en sectores nos que actualmente están subrepresentadas. A Concellaría de Promoción Económica do Concello de Santiago de Compostela designou, de entre todos e todas as integrantes que conforman o Grupo de Apoio Local de Compostela, ao COPG para presentar no Seminario a experiencia *Perspectiva de xénero nun Colexio Profesional. Experiencia de boas prácticas no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia*, defendida pola Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada. No encontro participan



Momento do seminario: A Experiencia Perspectiva de Xénero nun Colexio Profesional

expertos e expertas procedentes das nove cidades europeas socias do proxecto WEED: Celje (Eslovenia), Alzira (España); Enna e Crotone (Italia); Umea (Suecia); Karvina (República Checa); Amiens (Francia); Skaarbeck (Bélxica) e Santiago de Compostela, a través da Concellaría de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo do Concello de Santiago de Compostela.

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, participou o 11 de maio e o 15 de xuño en senllas reunións do Grupo de Apoio Local do *Proxecto europeo WEED Muller, Empresa e Emprego no Desenvolvemento Local*, no que participa o Concello de Santiago de Compostela a través da Concellaría de Promoción Económica.

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA - CONCELLARÍA DE MOBILIDADE, SEGURIDADE CIDADÁ E TRÁFICO

- A Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, mantivo unha reunión o 5 de outubro co Concelleiro de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Tráfico do Concello de Santiago de Compostela, Albino Vázquez Aldrey, co fin de presentarlle as II Xornadas Galegas de Psicoloxía do Tráfico e Seguridade do COPG.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA - FACULTADE DE PSICOLOXÍA

- A Decana, M^a Rosa Álvarez Prada, e o Vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, mantiveron unha reunión o 1 de marzo con representantes da Rede de Estudantes de Psicoloxía. Dita reunión tivo como eixo central a presentación no COPG da asociación que representa aos estudantes de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.
